

1

**ESTE ANO ADÍCASE O DÍA DAS  
LETRAS AO PONTEVEDRÉS XOSÉ  
FILGUEIRA VALVERDE, AUTOR  
CUNHA ABUNDANTE PRODUCCIÓN  
LITERARIA E FIGURA  
FUNDAMENTAL NA CULTURA  
GALEGA DO PASADO SÉCULO**

(A PRIMEIRA DAS LÁMINAS É A PORTADA, NON LEVA TEXTO E DÉBESE RETIRAR DO  
KAMISHIBAI UNHA VEZ QUE EMPEZA A EXPOSICIÓN)

(PEGAR NA LÁMINA 18)

2

**XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA  
VALVERDE NACEU NA PRAZA DO  
PEIRAO, EN PONTEVEDRA, O 28  
DE OUTUBRO DE 1906.**

**ERA FILLO DE ARACELI VALVERDE  
YAQUERO, GRANADINA, E DO  
PONTEVEDRÉS JOSÉ MARÍA  
FILGUEIRA MARTÍNEZ**

3

**SEU PAI JOSÉ MARÍA ERA UN  
REOÑECIDO MÉDICO DE  
PONTEVEDRA, MOI APREZADO  
POLOS SEUS VECIÑOS.**

(PEGAR NA LÁMINA 2)

4

**OS SEUS ESTUDOS PRIMARIOS  
E DE BACHARELATO  
REALIZOUNOS NA SÚA  
CIDADE NATAL, PONTEVEDRA,  
ACADANDO SEMPRE MOI BOAS  
CUALIFICACIÓNS.**

## 5

NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA ESTUDOU XOSÉ  
FILGUEIRA A CARREIRA DE DEREITO,  
ACADANDO O PREMIO  
EXTRAORDINARIO DE LICENCIATURA  
NESTA MESMA UNIVERSIDADE E NA  
DE ZARAGOZA ESTUDOU FILOSOFÍA  
E LETRAS, CHEGANDO A SER  
DOUTOR EN HISTORIA.

## 6

**ACADOU O PREMIO  
EXTRAORDINARIO EN HISTORIA  
CUN TRABALLO RELACIONADO  
COAS CANTIGAS MEDIEVAIS,  
TEMA QUE LLE GUSTABA MOITO E  
SOBRE O QUE ESCRIBIU LIBROS E  
ARTIGOS COMO "SEIS CANTIGAS  
DE MAR IN MODO ANTICO", "A  
LÍRICA MEDIEVAL GALEGA" E  
"TEXTOS MEDIEVAIS".**

7

NO ANO 1923 FOI MEMBRO  
FUNDADOR DO SEMINARIO DE  
ESTUDOS GALEGOS, FORMADO  
POR ESTUDANTES E  
PROFESORES DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
E ADICADO AO ESTUDO E Á  
DIVULGACIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL  
GALEGO.

8

FOI PROFESOR DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA EN LUGO E NO INSTITUTO DE PONTEVEDRA, CENTRO QUE DIRIXIU DURANTE TRINTA ANOS SEGUIDOS. ESTE INSTITUTO FOI DECLARADO COMO MODELO POLO SEU ALTO NIVEL ACADÉMICO.



9

DURANTE A SÚA ETAPA COMO  
DIRECTOR DO INSTITUTO DE  
PONTEVEDRA ORGANIZOU  
MOITAS ACTIVIDADES  
DEPORTIVAS E UN CORO QUE  
RECIBIU NUMEROSOS PREMIOS.

10

EN 1927 FILGUEIRA VALVERDE  
FUNDA, XUNTO CON OUTROS, O  
MUSEO DE PONTEVEDRA DO QUE  
FOI PRIMEIRO SECRETARIO, E  
DENDE 1942, O SEU DIRECTOR.

O MUSEO CONTA DE CINCO  
EDIFICIOS HISTÓRICOS.

**XOSÉ FILGUEIRA FOI MEMBRO  
NUMERARIO DA REAL ACADEMIA  
GALEGA DENDE O ANO 1942, LENDO  
O SEU DISCURSO DE ENTRADA QUE  
LEVA POR TÍTULO "DA ÉPICA NA  
GALICIA MEDIEVAL", TRINTA E UN  
ANOS DESPOIS, EN 1973.**

12

**EN PLENA DITADURA FRANQUISTA  
FOI NOMEADO ALCALDE DA  
CIDADE DE PONTEVEDRA, CARGO  
QUE OCUPOU DURANTE NOVE  
ANOS, DE 1959 A 1968. DURANTE  
O SEU MANDATO POTENCIOUSE A  
RECUPERACIÓN DO CASCO  
HISTÓRICO.**

13

RECIBIU NUMEROSOS PREMIOS:  
O DA "FESTA DA FALA", O DA  
"ACADEMIA ALFONSO X EL  
SABIO", O DE "PÉREZ LUGUÍN", O  
"GALICIA LETRAS", O "PEDRÓN  
DE OURO", "MEDALLA DE OURO"  
DE PONTEVEDRA... E FOI MEMBRO  
DA ACADEMIA DA LINGUA, DA  
HISTORIA, DA DE BELAS ARTES...

14

**DESPOIS DAS PRIMEIRAS  
ELECCIÓNS AO PARLAMENTO  
GALEGO, EN 1981, FOI  
NOMEADO CONSELLEIRO DE  
CULTURA, CARGO DENDE O QUE  
DEFENDEU NO PARLAMENTO  
ESPAÑOL A INTRODUCCIÓN DO  
IDIOMA GALEGO NO ENSINO.**

15

DENDE O ANO 1990 ATA O SEU  
FALECIMENTO, EN 1996,  
PRESIDIU O CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA. FILGUEIRA  
FOI COÑECIDO DE SEMPRE CO  
ALCUME DE "O VELLO PROFESOR".  
A SÚA OBRA LITERARIA É MOI  
EXTENSA. TRESCENTOS LIBROS  
E FOLLETOS, MIL ARTIGOS EN  
XORNAIS E REVISTAS....

NO ANO 1925 FILGUEIRA  
VALVERDE INÍCIASE NA CREAÇÃO  
LITERARIA CUNHA SERIE DE  
RELATOS BREVES BAIXO O TÍTULO  
DE "OS NENOS".

NESTA OBRA OS PROTAGONISTAS  
SON TODOS RAPACES QUE  
EVOCAN ACONTECEMENTOS DA  
SÚA INFANCIA.



TAMÉN ESCRIBIU UNHA OBRA DE TEATRO PARA NENOS, "AGROMAR", AÍNDA QUE NON QUIXO USAR O SEU NOME E UTILIZOU O PSEUDÓNIMO DE J. ACUÑA.

A OBRA FOI ESCRITA EN 1936 E É UNHA DAS PRIMEIRAS OBRAS DE TEATRO ESCOLAR ONDE CASE TODOS OS PERSONAXES SON RAPACES.

**"O PINTOR DOS CARTEIS DE  
CEGO" É UNHA NARRACIÓN QUE  
APARECE NO LIBRO "QUINTANA  
VIVA", UNHA COLECCIÓN DE  
RELATOS BREVES CON TEMAS  
POPULARES E NOS QUE OS  
RAPACES SON OS  
PROTAGONISTAS.**